

Respostas CN 6ºB . Semana 18-22 maio

ATENCIÓN: ESTA FICHA É PARA ENTREGAR.

Colexioflavia1@gmail.com.

-Deben estar feitas no cuaderno.

- Destacando os enunciados e deixando espazos.

-Escribir con letra ben clara.

- Importante! Non olvidar de poñer o nome e apelidos e tamén o nº de lista na parte superior dereita.

Tarefa 1



O debuxo representa un ecosistema dunha charca.

a. Cantas especies distingues?.

-Do reino animal. Vertebrados: pato, gaivota, ra, peixe...

Invertebrados: caracol, araña, libélula, mosquito, ninfa...

-Do reino vexetal: espadañas, canas de auga, xuncos...

-Reino protistas: algas

b. A que grupo correspondería cada un?

Contestada na pregunta anterior

c. Que é unha comunidade biolóxica?

. *Comunidade biolóxica é o conxunto de poboacións que viven nun espazo determinado e establecen entre si relacións de dependencia.*

Por exemplo: na charca hai poboacións de ras, peixes, arañas... que forman unha comunidade, creando relacións de dependencia entre eles.

d. Que animais estarían formando poboacións biolóxicas?

Todos os animais da mesma especie que aparecen representados no ecosistema da charca estarían formando comunidades biolóxicas,: os patos os peixes, as ras, as libélulas, etc...

e. Describe cun esquema unha cadea alimentaria que se produza nese ecosistema.

Exemplos:


Alga → peixe → gaivota

Mosquito → ra → gaivota

Ninfa → peixe → gaivota

Tarefa 2

Explica o proceso da dixestión desde que o alimento entra na boca ata que os restos non dixeridos son expulsados polo ano.



Paso 1.

Cando o alimento se converteu nunha masa pastosa na boca, chamada **bolo alimentario**, a lingua empúrrao cara á **farinx**. O paso do alimento pola farinx recibe o nome de **deglución**.

Paso 2.

No **estómago** onde nas súas paredes se atopan as glándulas dixestivas que fabrican o **zume gástrico**. disolve os alimentos.

A comida permanece unhas dúas horas no estómago. Para poder dixerir os alimentos, o estómago contráese repetidamente e mestúraos co zume gástrico. Os alimentos rematan convertidos

nunha papa denominada **quimo**, que pasa ao intestino.

Paso 3

Nas súas paredes atópanse as glándulas que fabrican o **zume intestinal**. Vértense tamén os zumes dixestivos que fabrican o **fígado** e o **páncreas**.

Cando o quimo chega ao intestino delgado, mestúrase cos zumes dixestivos. Esta mestura denomínase quilo.

Debaixo da capa que recobre o interior do intestino delgado atópase unha densa rede de vasos sanguíneos. Os nutrientes que contén o quilo son xa tan pequenos que atravesan a membrana das células do tecido epitelial do intestino delgado e pasan ao sangue.

Este proceso recibe o nome de **absorción intestinal**.

Paso 4

As substancias non absorbidas no intestino delgado diríxense ao intestino grosso, que é máis ancho e moito máis curto que o intestino delgado.

No intestino grosso absórbese gran parte da auga dos alimentos e dos zumes dixestivos, así como parte dos sales minerais.

Os restos non absorbidos espesan ao perder auga e transfórmanse en feces, que saen ao exterior polo ano. Este proceso denomínase **defecación**.